

1.2.- REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 28 DE SETEMBRO DE 1999.

PUBLICADO NO BOP DE A CORUÑA O 4 DE MARZO DE 2000.

Título Preliminar

Artigo 1º. 1. É obxecto do presente regulamento a regulación do uso do Cemiterio Municipal de Santiago de Compostela, así como daqueles outros cemiterios de carácter municipal que, de ser o caso, se creasen.

1º. 2. Ademais do contido no presente regulamento, serán de aplicación ao réxime de uso dos cemiterios municipais as disposicións do Regulamento da policía sanitaria e mortuoria, así como todas aquelas normas tanto estatais como autonómicas que rexan a materia de cemiterios e servicios funerarios.

Artigo 2º. Toda inhumación, exhumación, redución de restos, trasladados, incineracións e, en xeral, toda actividade relativa a cadáveres e restos levada a cabo dentro do termo municipal de Santiago de Compostela esixirá a autorización previa expedida polo Concello e, en xeral, toda actividade relativa a cadáveres e restos levada a cabo dentro do término municipal de Santiago de Compostela realizarase con suxeición ó establecido no Decreto de Policía Sanitaria Mortuoria 134/98, do 23 de abril, e esixirá a autorización previa expedida polo Concello.

Artigo 3º. O Concello velará polo mantemento da orde e o respecto adecuado á función do recinto, mediante o cumprimento das seguintes normas:

Fíxase como horario de apertura ao público, en inverno, de 9 a 18 h. e, no verán, de 9 a 19 h.,

horario que poderá ser modificado por decisión da Alcaldía.

Os visitantes deberán comportarse de forma respectuosa, podendo adoptarse, no caso contrario, as medidas oportunas para desaloxar do recinto a aqueles que incumprisen este precepto.

Prohíbese a venda ambulante e a realización de calquera tipo de propaganda no interior do recinto.

A filmación de vistas xerais ou parciais do cemiterio esixirá a autorización previa do Concello.

O Concello non se responsabilizará dos roubos ou deterioros que puidesen ter lugar nas unidades de enterramento, o que non obsta para que leve a cabo a vixilancia do recinto.

Artigo 4º. Son instalacións do cemiterio municipal:

- a) O edificio destinado a depósito de cadáveres, cos seus anexos de sala de autopsias e departamento de conservación ou cámara frigorífica, de existiren.
- b) O edificio destinado a tanatorio.
- c) O edificio destinado a crematorio.
- d) O edificio destinado a Salón de Actos multiconfesional.
- e) Espacio para servicios en xeral, tanto interior como exterior.
- f) Espacio para enterramentos en nichos.
- g) Superficie para enterramentos en foxas.

- h) Superficie para construción de panteóns.
- i) Superficie para enterramento en terra.
- j) Superficie para enterramento de cinzas.
- k) Sector destinado a enterramentos de restos humanos procedentes de abortos, intervencións cirúrxicas e mutilacións
- l) Forno incinerador de restos funerarios.
- m) Sector para depósito de cinzas mortuorias.
- n) Zona axardinada e de parque.
- ñ) Capela.
- o) Aseos.
- p) Accesos e aparcamentos.
- q) Zona de equipamento de reserva en tanto non reciba outro uso.

Artigo 5º. 1. O Concello levará un rexistro de todas as unidades de enterramento e das operacións e incidencias que lles afecten.

5º. 2. Os datos a consignar neste rexistro serán, como mínimo:

- Rexistro xeral de unidades de enterramento.
- Rexistro xeral de inhumacións.
- Rexistro xeral de exhumacións e trasladados.

Rexistro xeral de entrada e saída de comunicacións.

5º. 3. O tanatorio e o crematorio disporán, asimismo, dun rexistro oficial de servizos prestados.

Artigo 6º. As inhumacións que se realicen no cemiterio municipal, efectuaranse sen discriminación ningunha por razóns de relixión ou calquera outra.

Artigo 7º. Non se permitirá o acceso de vehículos ao recinto, salvo os que utilice o persoal que presta servizos funerarios. Non obstante poderá autorizarse a entrada dalgún vehículo cando concorran circunstancias excepcionais que o xustifiquen.

Título I

DAS CONSTRUCCIÓNS FUNERARIAS

Artigo 8º. 1. O Concello construíra en cantidade dabondo para as necesidades, segundo os datos estatísticos, nichos e foxas e habilitará, asimismo, o espazo para enterramento en terra e enterramento de cinzas. O Concello outorgará o dereito funerario sobre eles nos casos de inhumación e traslado de restos, axustándose á orde rigorosa de pedimento.

8º. 2. As sepulturas serán denominadas de forma adecuada e numeradas correlativamente, quedando obrigados os titulares a aceptar o número.

Artigo 9º. O emprazamento e características de cada construción deberá axustarse ás disponibilidades de terreos e aos planos de distribución interior aprobados polo Concello.

Artigo 10º. 1. As construcións funerarias deberán axustar as súas características ao esixido en cada momento pola normativa vixente.

Distinguirase entre os seguintes lugares de enterramento:

FOXA.- Unidade de enterramento baixo a rasante do terreo.

NICHO.- Unidade de enterramento construída en

edificaci3ns para o efecto sobre a rasante do terreo.

CINCEIRO.- Unidade de enterramento inserta en construcci3ns, sobre as reas do nicho, e destinada a recibir as urnas con cinzas ou restos de cad3veres.

PANTE3N.- Construcci3n funeraria de car3cter particular con suxeici3n ao proxecto aprobado polo Concello.

SEPULTURA EN TERRA.- Unidade de enterramento baixo a rasante do terreo sen elementos construídos.

FOXA PARA CINZAS.- Unidade de enterramento baixo a rasante do terreo, de pequenas dimensi3ns e sen elementos construídos destinada a acoller cinzas procedentes da incineraci3ns dos cad3veres ou cinzas e restos doutras sepulturas.

Artigo 11º. 1. A adxudicaci3n do dereito funerario sobre as construcci3ns de car3cter particular (pante3ns) esixir3 o ingreso do importe do valor dos terreos e as taxas correspondentes no prazo m3ximo de 30 d3as, transcorridos os cales sen realizar tal ingreso, a adxudicaci3n quedar3 automaticamente sen efecto, arquiv3ndose as actuaci3ns.

11º. 2. O prazo total de construcci3n dunha unidade de enterramento ser3 de un ano, contado a partir da adxudicaci3n do dereito, transcorrido o cal sen tela concluído, o Concello poder3 deixar sen efecto o dereito sen pagar cantidade ningunha polas obras realizadas.

3. Excepcionalmente, estes prazos poder3n ser prorrogados por pedimento do interesado, atendendo 3 entidade das causas que o xustifiquen.

T3tulo II

CAP3TULO I. DO DEREITO FUNERARIO

Artigo 12. O dereito funerario sobre o uso de sepulturas nace polo acto de concesi3n e o pagamento da taxa establecida na correspondente

ordenanza fiscal. A concesi3n do uso de nichos, foxas e sepulturas en terra outorga o dereito ao dep3sito de cad3veres e restos, mentres que a concesi3n do uso de cinceiros e foxas para cinzas unicamente permite o dep3sito de restos.

Artigo 13º. O Concello recoñecer3 a prol de particulares o dereito de usar unha determinada sepultura, previamente construída ou habilitada na parcela que para tal efecto fose asignada, para a inhumaci3n do titular no seu d3a, a dos seus familiares e a das persoas que designe.

Artigo 14º. O dereito funerario de toda clase de unidades de enterramento quedar3 garantido mediante a inscrici3n no libro de rexistro do cemiterio a expedici3n do t3tulo nominativo.

Artigo 15º. O dereito funerario, tal e como o recoñecen os artigos anteriores, lim3tase ao uso das correspondentes construcci3ns e queda suxeito 3s disposici3ns do seguinte regulamento e 3s s3as modificaci3ns. En consecuencia, o dereito funerario queda excluído de toda transacci3n mercantil e dispoñibilidade a t3tulo oneroso.

Artigo 16º. O dereito funerario rexistrarase:

a) A nome persoal e individual do propio peticionario.

b) A nome de comunidades relixiosas ou establecementos benéficos e hospitalarios recoñecidos como tales pola administraci3n, para uso exclusivo dos seus membros.

c) A nome de ambos os c3nxuxes no momento da s3a primeira adquisici3n.

d) A nome daquelas persoas que indique o peticionario na solicitud.

Artigo 17º. En ning3n caso poder3 rexistrarse o dereito funerario a nome de compa3as de seguros, de previsi3n ou calquera outro similar que, exclusivamente como complemento doutros riscos, garanten aos seus afiliados o dereito a sepultura para o d3a do seu falecemento. As devanditas sociedades unicamente poder3n obrigarse a proporcionar ao asegurado o capital necesario para obtela.

Artigo 18º. Cando, por esgotamento da capacidade do cemiterio o número de unidades de enterramento fose escaso, limitarase o outorgamento de concesión de uso sobre sepulturas aos enterramentos inmediatos ata tanto non se amplíe o recinto.

Artigo 19º. Atendendo ao período de uso da sepultura, cabe distinguir:

Concesión de uso de sepulturas por un prazo de 99 anos.

Alugueiro de nichos por un prazo de 5 anos, renovables por pedimento do titular, os seus herdeiros ou habentes-causea por un máximo de outros 5 anos. Soamente se outorgarán en réxime de alugueiro os nichos denominados de segunda clase (1ª e 4ª fila), reservándose os restantes para concesión.

Artigo 20º. Rematado o prazo de concesión, requirirase ao titular co fin de que translade os restos a cinceiros. O dereito de uso da sepultura reverterá novamente no Concello.

Artigo 21º. En caso de que o Concello non dispuxese de foxas para enterramentos inmediatos, facilitará nichos en réxime de alugueiro provisorio, trasladándose o cadáver unha vez que se conte con foxas suficientes.

Artigo 22º. Para o traslado de restos doutros cemiterios, autorizarase a concesión de sepulturas se o solicitante acredita a súa residencia en Santiago durante os dous anos anteriores e non se emitira título de ningunha outra unidade de enterramento para o petionario ou dos seus parentes ata o cuarto grao de consanguinidade.

En caso de traslados de restos de foxas, nichos ou panteóns dentro do mesmo cemiterio, só se concederán cinceiros ou foxas para cinzas.

CAPÍTULO II. TRANSMISIÓNS E TÍTULOS PROVISORIOS.

Artigo 23º. Ao finarse o titular do dereito funerario, os herdeiros testamentarios ou aqueles aos que corresponda ab intestato, estarán obrigados a transpasalo ao seu favor, mediante a comparecencia no Concello co título antigo e a documentación xustificativa da transmisión.

Artigo 24º. Daqueles panteóns divididos en departamentos, facilitaranse os títulos correspondentes a cada un dos titulares do dereito funerario, con especificación do departamento que fose asignado.

Artigo 25º. 1. Considerarase válida a cesión a título gratuito do dereito funerario sobre sepulturas, por actos inter vivos a favor de parentes do titular en liña directa e colateral ata cuarto grao, ambos os dous por consanguinidade, ou ata o segundo grao por afinidade, a favor do cónxuxe e de persoas que acrediten lazos efectivos e convivencia mínima de 5 anos co titular inmediatamente antes da transmisión, así como as que se definen a favor de hospitais, entidades benéficas ou relixiosas con personalidade xurídica segundo as leis.

25º. 2. A autorización por cesión gratuita entre estraños, só se poderá conceder se transcorreron 10 anos desde a data en que o Concello outorgou a concesión.

Artigo 26º. 1. As sepulturas que non conteñan cadáveres, nin restos, poderán ser devoltas polos seus titulares ao Concello, sempre que non as posúan con carácter de alugueiro, pagándose as cantidades que para cada caso sinala a Ordenanza Fiscal.

26º. 2. En caso de existiren restos poderán ser trasladados a outra sepultura, por conta do titular ou de oficio pola administración que os colocará nos lugares destinados para o efecto.

26º. 3. Se o título do dereito funerario non estivese debidamente legalizado polos solicitantes da devolución, será necesario demostrar a posesión de boa fe nos 30 anos anteriores, mediante historia das sucesivas transmisións brevi manu que deben ser debidamente certificadas polos solicitantes e aceptadas polo Concello.

Artigo 27º. Cando non sexa posible levar a cabo a transmisión nas formas establecidas nos artigos precedentes, ben porque non poida xustificarse a defunción do titular do dereito, ben porque sexa insuficiente a documentación, ou por razón de ausencia das persoas que teñan dereito, poderase expedir un título provisorio.

Artigo 28º. As transmisións que se efectúen con carácter provisorio terán causa en expediente administrativo, no trámite do cal se incluíra o anuncio no Boletín Oficial da Provincia e en dous xornais, polo menos, dos de maior circulación, co fin de que dentro dos quince días hábiles seguintes se poidan opoñer aqueles que se crean con dereito, e os títulos que para o efecto se expidan, serano sen prexuízo do terceiro de mellor dereito e coa prohibición de toda exhumación posterior de cadáveres ou restos que non sexan do cónxuxe, ascendentes ou colaterais ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade do novo titular ou da persoa que solicita a exhumación.

Artigo 29º. Os posuidores de títulos sobre sepulturas que figuren rexistradas a nome doutra persoa, poderán solicitar provisoriamente a transmisión da sepultura cando transcorresen trinta anos desde a data de expedición do título ou cando se acredite declaración de defunción do titular consonte o establecido polo Código Civil.

Artigo 30. Naqueles casos nos que exista constancia ou presunción do óbito do titular mencionado no artigo anterior sen que sexa posible a presentación do título, entenderase, salvo proba do contrario, que está acreditada a posesión deste e o dereito funerario do solicitante polo cumprimento dos requisitos que seguen:

a) Se resulta de documento fidedigno expedido polo menos dez anos antes, sempre que non se fixese ningunha inhumación posterior.

b) Polo feito de ter sido inhumado na sepultura de referencia o cadáver do cónxuxe, ascendente, descendente ou colateral ata o cuarto grao por consanguinidade ou segundo por afinidade do que o solicite coa mesma antelación á prevista no parágrafo anterior, sempre que non se fixese ningunha inhumación posterior.

Artigo 31º. Transcorridos vinte anos desde a expedición do título provisorio converterase en definitivo e cesará o dereito dos que poidan reclamar a titularidade.

CAPÍTULO III. MODIFICACIÓN DO DEREITO FUNERARIO

Artigo 32º. A transmisión, rectificación, modificación ou alteración do dereito funerario, será declarada por solicitude do interesado ou de oficio en expediente administrativo, no que se practicará a proba e se presentará a documentación necesaria para xustificar os seus puntos e o título do dereito funerario, agás en caso de perda, sen que sexa obstáculo para a tramitación do expediente a negativa de libramento do título cando o solicitante do expediente non sexa posuidor do mesmo.

Artigo 33º. Durante a tramitación dun expediente de transpaso, será discrecional a suspensión das operacións na sepultura, atendidas as circunstancias de cada caso. Esta suspensión quedará sen efecto ao expedirse o novo título. A pesar da suspensión decretada poderanse autorizar as operacións de carácter urxente deixando constancia no expediente.

Artigo 34º. 1. Cando polo uso ou calquera outro motivo, un título sufrise deterioro, poderase cambiar por outro igual ao nome do mesmo titular.

34º. 2. A substracción ou perda dun título dará dereito á expedición dun duplicado a favor do titular.

Os erros de nomes, apelidos ou calquera outro nos títulos rectificaranse por pedimento do titular, logo da xustificación e comprobación.

Artigo 35. A denuncia de retención indebida do título, logo da audiencia do denunciante e do posuidor, ou en rebeldía deste, dará lugar á suspensión dos dereitos de uso da sepultura a resultas da pertinente resolución dentro do marco deste regulamento.

Artigo 36. Poderá ser declarada a caducidade, revertendo ao Concello o dereito funerario, nos casos que seguen:

a) Por estado ruinoso da construción. A declaración de tal estado e caducidade requirirá expediente administrativo.

b) Por abandono da sepultura.

c) Por finalizar o dereito funerario temporal.

d) Por ter transcorrido o período de adxudicación e a prórroga, cando se trate de supostos de alugueiro.

Artigo 37. O expediente administrativo de caducidade executarase da maneira que segue:

a) Nos casos de caducidade por estado ruinoso da construción, o expediente contará a citación do titular, cando o enderezo sexa coñecido ou, se non o é, publicidade do expediente mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e mediante a publicación nun xornal, polomenos, dos de maior circulación, concedendo un prazo de 30 días co fin de que os beneficiarios ou herdeiros poidan alegar o seu dereito. A comparecencia de calquera destes co compromiso de levar a cabo as obras de construción ou reparación no prazo que para tal efecto se asigne interromperá o expediente ata o seu vencemento, momento no que os Servizos Técnicos deberán informar a respecto das obras realizadas. Se resultan axeitadas, o expediente arquivarase sen máis trámite. en caso contrario declararase a súa caducidade.

b) No suposto b) do artigo anterior o expediente conterà a citación do titular, cando o enderezo sexa coñecido, ou se é descoñecido, publicidade do expediente mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e a publicación en dous xornais, polo menos, de entre os de maior circulación, concedendo un prazo de 30 días co fin de que os beneficiarios ou herdeiros poidan alegar o seu dereito. Transcorrido o

cal, declararase a súa caducidade.

c) Nos outros supostos do artigo anterior, excepto o apartado c), o expediente administrativo de caducidade limitarase á citación do titular, concedéndolle un prazo de oito días para poñerse ao corrente do pago ou para solicitar a prórroga, transcorridos os cales sen se ter efectuado, trasladaranse os restos ao osario xeral ou, de ser o caso, serán incinerados.

d) No suposto c) do artigo anterior aplicarase o que dispón o artigo 20.

CAPÍTULO IV. DAS INHUMACIÓNS, CREMACIÓNS, EXHUMACIÓNS E TRASLADOS.

Artigo 38º. As inhumacións, cremacións, exhumacións ou traslados de cadáveres ou restos rexeranse polas disposicións de carácter hixiénico-sanitarias vixentes. De acordo co Regulamento da policía sanitaria e mortuoria, enténdese por cadáver "o corpo humano durante os cinco primeiros anos seguintes á morte real", a partir dos cales terá a consideración de "restos".

Artigo 39º. 1. Ningún cadáver será inhumado antes das 24 horas do seu falecemento, salvo nos casos nos que previamente se practicara a autopsia ou se obtivesen órganos para trasplantes, nos que poderá autorizarse a inhumación antes do comezo das 24 horas.

39º. 2. Cando concorran razóns sanitarias que aconsellen a inhumación inmediata dun cadáver ordenarase o seu traslado urxente ao depósito do cemiterio para proceder ao seu enterramento.

Artigo 40º. 1. Para a inhumación en nichos, foxas, criptas ou outros monumentos funerarios, procurarase un peche hermético das súas aberturas que impida emanacións e filtracións líquidas.

40º.2. Para este efecto e para o de permitir, non

obstante, os cambios necesarios para a posterior desintegración da materia orgánica contida, a súa construción realizarase con materiais que supoñan unha impermeabilidade relativa.

Artigo 41º. Cando teña lugar a inhumación nunha sepultura que conteña outros cadáveres ou restos poderá efectuarse no mesmo acto a redución destes. Soamente por pedimento expreso do titular, esta operación terá lugar antes do acto do enterro, e, neste caso, será presenciada polo titular ou persoa en quen delegue e sempre que as disponibilidades do servizo o permitan.

Artigo 42º. 1. O despacho dunha inhumación requirirá a presentación dos documentos que seguen:

a) Título da sepultura.

b) Autorización do Xuíz do Distrito ou do que fose competente nos casos diferentes da morte natural.

42º. 2. No momento de presentar o título identificarase a persoa no nome da cal se estendera o título.

43º. 3. Se esta tivese falecido, ou non se puidese identificar, autorizarase a inhumación e unha vez efectuada requirirase aos posuidores para que soliciten o transpaso a favor de quen teña dereito. Seguirase o mesmo trámite cando se trate do enterro do titular.

Artigo 43º. A inhumación despacharase no Departamento de Cemiterios onde se presentará a documentación pertinente para os efectos de inscribirla no libro de rexistro. Despachada desta forma, a papeleta de enterro entregarase á persoa encargada de realizar as tarefas de enterramento, que a devolverá unha vez efectuado o servizo, coa conformidade. Esixirase o mesmo trámite para a exhumación ou traslado de restos.

Artigo 44º. O dereito do titular ao uso exclusivo da sepultura na forma prevista no presente regulamento estará garantido en todo momento polo Concello. O consentimento do titular para a inhumación, sexa de familiares ou estraños entenderase deferido validamente por presunción iuris et de iure polo único feito da presentación do título, sempre que non exista denuncia escrita de substracción, retención indebida ou perda presentada no Rexistro con oito días de antelación.

Artigo 45º. 1. Cando o título estivese estendido a nome dunha comunidade relixiosa ou hospitalaria, a inhumación esixirá a certificación expedida pola dirección da mesma, acreditativa de que o cadáver corresponde a un membro da comunidade ou a un dos asilados acollidos.

45.2. Se estivese a nome dunha sociedade, asociación ou fundación legalmente constituída, toda inhumación esixirá certificación similar de que o cadáver pertence a un membro ou empregado.

Artigo 46º. Unicamente se poderá autorizar a inhumación sen título nos casos que seguen.

a) Cando sexa o propio titular quen o solicita, alegando extravío do título.

b) Cando se teña que inhumar ao propio titular autorizarase a súa inhumación sen presentación do título a calquera persoa que compareza, sexa ou non familiar.

En todos estes supostos requirirase a presentación previa da solicitude, pedindo o duplicado por extravío.

Artigo 47º. 1. A cremación de cadáveres efectuarase unha vez obtido o certificado médico, unha vez transcorridas 24 horas desde o falecemento e antes do transcurso de 48 horas. En casos excepcionais, a Consellería de Sanidade poderá autorizar a cremación unha vez transcorridas 48 horas desde o falecemento.

47. 2. As cinzas resultantes da cremación serán colocadas en urnas apropiadas coa identificación do falecido e entregaránse á familia ou representante desta.

Artigo 48º.1. A exhumación dun cadáver ou restos para reinhumalos fóra do recinto requirirá a solicitude do titular do dereito funerario e o transcurso dos prazos sinalados neste regulamento desde a última inhumación.

48º. 2. Será precisa a presenza do titular sanitario competente en orde legal para estas actuacións.

Exceptúanse do requisito do prazo as exhumacións que seguen:

a) As decretadas por resolución xudicial, que se levasen a cabo en virtude da orde correspondente. embalsamados ou vaian selo no momento da exhumación.

Artigo 49º. Cando interese o traslado dun cadáver ou restos depositados nunha sepultura cun título de dereito funerario a nome dunha persoa finada, para que poida ser autorizado deberá solicitarse previamente a transmisión a favor do novo titular.

Artigo 50º. Cando o traslado deba efectuarse a outro cemiterio, será preciso que se achegue autorización do organismo de sanidade competente e dos documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos.

Título III

Outras Disposicións

Artigo 51º. As obras que o titular solicítase, de reforma, reparación ou conservación, sobre a construción funeraria, necesitarán a autorización previa do Concello para o que se presentarán os planos e proxectos aos que deberán axustarse.

Artigo 52º. A realización de toda clase de obras dentro do recinto dun cemiterio requirirá a observancia, por parte dos contratistas executores das normas que seguen:

a) Os traballos preparatorios de picapedreiro ou marmorista no se poderán efectuar dentro do recinto.

b) A preparación dos materiais para a construción deberá realizarse nos lugares que se designen, coa protección que en cada caso se considere necesaria.

c) Os depósitos de materiais, ferramentas, terra ou auga, situaranse nos puntos que non dificulten a circulación ou o paso pola vía pública.

d) Os andamios, valos ou calquera outro elemento auxiliar necesario para a construción, colocaranse de maneira que non danen as plantas ou as sepulturas adxacentes.

e) As ferramentas móbiles destinadas á construción deberán gardarse diariamente en cobertizos ou depósitos para a súa mellor conservación e orde no recinto, prohibíndose o uso dos utensilios de enterro propiedade do Concello, sen autorización expresa.

f) Unha vez acabada a obra, os contratistas ou executores deberán limpar o lugar da construción e retirar os entullos, fragmentos ou residuos de materiais (lápidas, marcos, etc.). sen este requisito non se autorizará a alta.

Artigo 53º. 1. A colocación de terrados ou testos diante das sepulturas subordinarase á previa autorización municipal.

53º. 2. As plantacións consideraranse como accesorias das construcións e estarán suxeitas ás mesmas normas ca aquelas. A conservación correrá por conta dos interesados e en ningún caso poderán

invadir a vía nin prexudicar as construcións ou sepulturas veciñas.

Artigo 54º. O coidado das sepulturas poderán realizalo os titulares ou persoas designadas por eles. En calquera caso, finalizada a limpeza, os restos de flores ou outros obxectos inservibles depositaranse nos lugares designados para o efecto.

Artigo 55º. O Concello sancionará con multa de ata 150.000 ptas. as infraccións aos preceptos deste regulamento, previa tramitación do oportuno expediente de acordo co establecido no R.D. 1398/93, do 4 de agosto

Disposición Transitoria

Respectaranse os dereitos adquiridos con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento.

Disposición Final

O Regulamento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.